

100
VOLTAS

Verónica CODESAL

Didier LALOY

Damien CHERICI



Proxecto

100 VOLTAS é un proxecto cargado de cultura e tradición galega, concibido como un elemento vivo en constante evolución. Un repertorio que conserva a esencia do pasado incorporando elementos contemporáneos e diferentes instrumentos : instrumentos electrónicos, violin, acordeón diatónico, etc.

Textos tradicionais, propios e tamen de poetas galegas contemporáneas (Lucia Aldao, Yolanda Castaño, Rosalia Fernández Rial, Brais Fernandes) a través dos que contan as súas historias de mulleres, esposas, parellas, nais, fillas, amigas, traballadoras, artistas, activistas.



Artistas



Verónica CODESAL

Cantora galaico-belga, bailarina e música, líder do grupo IALMA. A súa familia procede da Galiza.

Entre 2002 e 2012 e, desde 2015, é a cantora do grupo belga Urban Trad (que representou a Bélxica en Eurovisión en 2003), un posto que mantén xunto a Soetkin Collier.

Neste momento, é parte de diferentes proxectos musicais: Camaxe, Ialma e Vivas Niñas, onde canta e toca diferentes instrumentos (pandeireta, gaita). Tamén é profesora do grupo de danza galega Foliada.

Tamén forma parte de varias actividades do Muziekpublike, unha organización cuxa misión é a de promover e difundir a música e o baile tradicionais de todo o mundo a través dun programa de concertos, obradoiros e cursos.

A través destas actividades artísticas, promove a cultura e a lingua galegas.

Didier LALOY



Didier Laloy comenzou tocando o acordeón diatónico aos 13 anos e fixo varios cursos de Bruno Le Tron, Marc Perrone e Jean-Pierre Yvert.

Durante moitos anos, Didier foi considerado un dos representantes máis activos do «revival» do acordeón diatónico, en Europa. A súa soltura sobre o escenario, a súa habilidade para explorar todos os xéneros musicais e as súas calidades humanas, fan del un músico imprescindible na escena actual (tocou en non menos de 120 albums).

Didier é membro fundador de numerosos grupos: o seu primeiro proxecto persoal, con as composicións propias S-Tres/original version (CD duplo); máis tarde, Laloy convida a [Pô-Z]s, Noir's, Couturière (música e teatro), Didier Laloy / Tuur Florizzoone e, máis recentemente, Didier Laloy/Kathy Adam.

Foi tamén membro fundador do grupo Samurai, un quinteto de acordeóns diatónicos europeos.

Didier Laloy acompaña IALMA desde 1999...

Tamén definiu o seu propio estilo a través da “liberdade creativa”, que consiste en seguir os seus desexos persoais para poder transportar a audiencia a lugares desconhecidos.



Damien CHIERICI

Foi estudante dos violistas de Liège, Gilbert Theys e Martin Pirard. Damien Chierici creou dentro de si moi rápido unha paixón polo violín en escenarios non clásicos. O desexo de tocar nun grupo, converteuse nun abrir e pechar de ollos, en realidade durante a adolescencia, cando comezou a tocar con outros músicos... Daquela decatouse das numerosas posibilidades que ofrecían a amplificación do violín e o efecto pedal. Con estas premisas naceu a banda de rock Yew.

Ao mesmo tempo, Damien tocaba música clásica na Orchestra of the University of Liege (CIMI), onde obtivo a posición do primeiro violín con 14 anos.

Máis tarde, Damien uniuse á banda My Little Cheap Dictaphone (MLCD) na xira "The Tragic Tale of A Genius" e á banda Dan San, na que aínda toca o violín e os teclados. Compositor e arranxista, Damien tamén participou en numerosas gravacións de estudo e en directo para bandas belgas como Roscoe, Pale Grey, Hollywood Porn Stars, Grandgeorge, Piano Club, Dalton Telegramme, Gaetan Streel ou The Feather. Versátil, pois, tamén tivo a oportunidade de acompañar en directo a artistas de talla internacional como Glen Hansard, ou Lisa Hannigan. Damien tamén participou como músico na gravación de varias partituras cinematográficas.

En 2018, coñeceu ao acordeonista diatónico Didier Laloy durante un proxecto para as Jeunesses Musicales. Deste encontro nace o proxecto musical DUPLEX.

En 2019, Damien coñeceu ao pianista Louan Kempnaers con quen fundou o proxecto Kowari.

A finais de 2021, Damien uniuse ao proxecto de música celta YULE.

En 2022 incorporouse tamén ao proxecto belga-galego 100 VOLTAS para o que compuxo e arranxou varios temas con Didier Laloy e Verónica Codesal.

VERÓNICA CODESAL • DIDIER LALOY • DAMIEN CHIERICI



100
V O L T A S

AUDIO

<https://soundcloud.com/sceneoff/sets/100-voltas>

VIDEO

CACHONDEMIA : <https://youtu.be/jYdKXjUusf4>

TEASER : <https://youtu.be/cHaWDurcsOA>



Coa axuda da Fédération Wallonie-Bruxelles, Xunta de Galicia, Embaixada de España no Reino de Bélxica, cidade de Loon-Plage, Festival Het Lindeboom, Foyer Culturel de Sprimont e Centre Culturel Régional de Dinant

Booking

SceneOff asbl

info@sceneoff.com

+34 651 813 412

www.sceneoff.com



